

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000247	CPI de Cova Terreña	Baiona	2022/2023

### Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	1º ESO	1	35

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	9
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 1º curso da ESO, ten como referencia o currículo do Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación, utilízase como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais, mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e mediante a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Configúrase a materia neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos departamentos e axentes sociais, así como coas familias dos estudantes.

Outro aspecto que se tivo en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e do seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun CPI situado nunha vila heteroxénea de ambientes rural, mariñeiro e, sobre todo, turístico. No concello hai poboación de niveis económicos moi variados, aínda que concretamente nas familias do centro que nos ocupa predomina o nivel medio-baixo, tanto social como culturalmente.

O alumnado que elixiu a materia optativa de Proxecto Competencial de 1º ESO está composto por dous grupos:

1ºA: grupo único dde 13 alumnos/as en sección bilingüe en Inglés.

1ºB: grupo desdoblado: nun deles (de 7 membros) impartense as clases e farase a documentación en Inglés(sección bilingüe) e no outro (de 8 membros) en Galego, cun docente distinto en cada caso.

Asemade na aula hai alumnado entre 11 e 14 anos de idade, alumnado TDAH, disléxico,... Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O espazo social das mulleres baionesas nos últimos 50 anos. O acceso á Educación como vía de acceso á igualdade de oportunidades.	Nesta unidade estúdase a situación social das mulleres en Baiona, analizando e rexistrando os cambios producidos desde 1972, ano no que se inaugurou o Colexio de Cova Terreña. Iniciarase así un proxecto que recopilará información das persoas que presenciaron e lembran como era a vida das mulleres e como foi transformándose socialmente. Ademais, con todos estes exemplos, traballarase continuamente os valores de respecto e igualdade entre colectivos sociais. Tamén farase unha comparación do sistema educativo español actual fronte ao sistema educativo fai 50 anos e incluírase a comparativa cos sistemas educativos doutros países.	30	10	X		
2	Preparemos a exposición.	Nesta unidade o alumnado selecciona entrevistas, procura as fotografías significativas, redacta os textos para os pés de foto, procura os materiais necesarios e elabora materialmente o espazo elixido para poder recibir os visitantes.	35	10		X	
3	Exposición "Baiona: 50 anos en feminino". "A Educación como vía de acceso á igualdade de oportunidades".	Unidade na que se presenta e realiza a exposición fotográfica final, coa súa campaña publicitaria, e na que se prepara a apertura ao público. Farase un acto de inauguración que se coordinará coa Dirección do Centro e coa ANPA. Organizaranse as visitas dos diferentes grupos de primaria e secundaria en horario da materia de Proxecto Competencial e serán atendidos coas explicacións do profesorado e do propio alumnado.	35	15			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O espazo social das mulleres baionesas nos últimos 50 anos. O acceso á Educación como vía de acceso á igualdade de oportunidades.	10

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Identificar a problemática da desigualdade de xénero e visualizala no propio concello e nas propias familias. Identificar a problemática da desigualdade no acceso á educación.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización da campaña publicitaria.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto. Rexistro en esquema/dossier.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Preparemos a exposición.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Exposición "Baiona: 50 anos en feminino". "A Educación como vía de acceso á igualdade de oportunidades".	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Realizar ficha de número total de visitantes e facer unha enquisa de satisfacción entre o alumnado da ESO no propio centro educativo.	TI	100
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a campaña publicitaria.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Baiona: 50 anos en feminino". e "A Educación como vía de acceso á igualdade de oportunidades".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade, a conexión entre os distintos tipos de coñecemento e a educación democrática en igualdade.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto asumindo tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, realizarase un estudo sociolóxico da vila de Baiona nun período de tempo determinado: os 50 anos que ven funcionando o CPI de Cova Terreña en paralelo coa veciñanza; para isto os alumnos e alumnas entrevistarán a familiares e veciños que viviron ese período, coa finalidade de rexistrar os cambios e a evolución sociais producidos, analizando desde unha perspectiva crítica guiada pola actual idea da igualdade de xénero como dereito inalienable. O alumnado deseñará unha planificación na procura e selección de persoas ás que entrevistar e doutras fontes de información.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos establecerán os contactos pertinentes coa directiva do CPI para organizar e levar a cabo a exposición fotográfica do proxecto:

- Dirección
- Xefatura de estudos
- Consello escolar
- Departamento de Tecnoloxía
- Conserxería

Nesta etapa, recollerán e elaborarán os materiais necesarios, procurarán os espazos, deseñarán a súa distribución e construírán materialmente a exposición fotográfica e os seus textos explicativos.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, seguindo un calendario establecido e publicitado, inaugurarase formalmente a devandita exposición, cun acto de presentación xeral que explicará aos asistentes, de boca do propio alumnado, o traballo feito, a súa finalidade e o resultado conseguido. A partir do acto inaugural, seguirase a orde de visitas dos grupos/clase do propio CPI en horario da materia para que estas visitas sexan atendidas polos alumnos e alumnas, ademais dos profesores encargados.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Lingua Inglesa (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Tecnoloxía e Dixitalización (elaboración e tratamento dos soportes fotográficos, dos textos e dos expositores)
- Xeografía e Historia (información e corrección históricas)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador (Proxecto E-Dixgal), impresora a cor, plastificadora e plásticos adecuados, escáner, fotocopiadora e cámara fotográfica.
Caderno
Ademais: Biblioteca do Centro, Biblioteca Municipal e fotografías cedidas por particulares.
Aula Virtual
Material de Polos Creativos

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo grupal. Para a ubicación da exposición final habilitarase unha aula de desdobre ou o salón de actos.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación, levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	35	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación de dossier informativo coa recompilación da información solicitada (transcrición de entrevistas, esquema comparativo pasado-presente, fotografías achegadas, etc.). Debate (rúbrica).
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do dossier de traballo coa procura de información e materiais solicitados. Elaboración de material.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Elaboración material, presentación e exposición do proxecto e atención aos visitantes.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, proposicións de ideas, iniciativas, orde e claridade nos textos e no rexistro do caderno....

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media ponderada das notas das avaliacións parciais.

### Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha proba escrita, a cal constará de distintas preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto. A nota de dita proba representará a nota da avaliación parcial correspondente. De igual xeito, no caso de que unha alumna/o teña dúas avaliacións suspensas, deberá realizar unha proba escrita final, con preguntas test de resposta única sobre diferentes aspectos traballados neste proxecto.



### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica.

### 6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas as actividades seguindo a metodoloxía DUA, de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que, a medida que avance o curso, poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as, establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso irán máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que suporán un maior desafío na busca de información e unha interrelación dos diferentes contidos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

**Observacións:**

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase tamén a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse en todo momento os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Proposta de lecturas	Lecturas opcionais relacionadas coa materia/competencias para o aprendizaxe.
Presentación na "Semana da Ciencia".	Presentación do proxecto nunha infografía.
Curso de fotografía	Curso de fotografía e análise da fotografía antiga e actual.
Saídas pola contorna	Visitas a puntos da vila para toma de fotografías, reflexións,...

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

### Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar e comprobar de xeito periódico se o programado se vai cumprindo e se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto e se se acadan os obxectivos fixados para ditas datas.

O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, así como as tarefas completadas ou as deficiencias atopadas, facendo fincapé no aproveitamento das sesións e dos recursos dispoñibles.

## **9. Outros apartados**